

XLIV Semana de MÚSICA DO CORPUS

FESTIVAL
DE MÚSICA
CIDADE
DE LUGO

DO 14 DE MAIO
AO 11 DE XUÑO
2016



XLIV Semana de
MÚSICA DO
CORPUS
FESTIVAL
DE MÚSICA
CIDADE
DE LUGO
DO 14 DE MAIO
AO 11 DE XUÑO
2016



14 de maio - Círculo das Artes - 20:30 h

David Grimal, violín
Orquestra Sinfónica Gaos
Mendelssohn por Grimal

20 de maio - (MIHL) Museo Interactivo da Historia de Lugo - 20:30 h

Quinteto Rubato

21 de maio - Círculo das Artes - 20:30 h

Banda Filarmónica de Lugo
Iván Martínez Sabio, director
Pablo Dopazo, bombardino
Alex Troya, saxofón

23 de maio - Círculo das Artes - 20:30 h

Dina Yoffe, piano
Chopin vs. Scriabin

26 de maio - Círculo das Artes - 20:30 h

Damien Guillon, contratenor
Café Zimmermann
Vivaldi: *Stabat Mater & Nisi Dominus*

28 de maio - Círculo das Artes - 19:30 h

Fahmi Alqhai, viola da gamba
A Piacere

6 de xuño - Casa do Saber da USC - 20:30 h

Eloqventia
Danzas Imaxinarias

8 de xuño - Círculo das Artes - 20:30 h

Orquestra Sinfónica de Galicia
J. M. Pérez Sierra, director
Beethoven, Respighi e Ravel

11 de xuño - Círculo das Artes - 20:30 h

Gli Incogniti
Amandine Beyer, violín e dirección
Vivaldi: *Il teatro alla moda*

III Festival Internacional de Órgano do Corpus Christi de Lugo

27 de maio - Catedral de Lugo - 20:45 h

Jean-Christophe Geiser, órgano

30 de maio - Igrexa de Santiago A Nova - 20:30 h

Mario Ciferri, órgano

1 de xuño - Catedral de Lugo - 20:45 h

Roman Perucki, órgano
Giulio Mercati, órgano

3 de xuño - Catedral de Lugo - 20:45 h

Juan de la Rubia, órgano
Coro Solo Voces

* O Festival Internacional de Órgano do Corpus Christi está organizado polo Centro Eucarístico Lucense

Música na rúa - 21 de maio

Música nas rúas de Lugo a cargo de alumnado do conservatorio e escolas de música, das 11:00 ás 20:00 h

Organiza

Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua
do Concello de Lugo

Colabora

Centro Eucarístico Lucense. Diócesis de Lugo
Círculo das Artes de Lugo
Universidade de Santiago de Compostela
Sociedade Filharmónica de Lugo

Dirección artística

Sociedade Filharmónica de Lugo

Edición, deseño e maquetación

Blades Comunicación

Traducións

Marta Cuba Alonso

Imprime

Unicopia

Organiza

Colabora




Saída da Alcaldesa de Lugo

Lugo é tradicionalmente unha cidade amiga da música, e durante todo o ano gozamos dunha ampla e diversa oferta na que colaboran moitas institucións públicas e privadas que promoven un gran número de concertos, a miúdo de importantes figuras e agrupacións, que atenden ás máis variadas formas e estilos desta arte de linguaxe universal. O Conservatorio, a Universidade, a Deputación Provincial, a Sociedade Filharmónica, o Círculo das Artes, o Club Clavicémbalo..., e, non en derradeiro lugar, o propio Concello, enchen as diferentes salas e espazos de Lugo –incluíndo as propias rúas e prazas– cunha programación que se estende por todos os meses do ano, e que abrangue dende as músicas contemporáneas, tanto as populares coma as chamadas “cultas”, ata os máis logrados froitos do pasado que chamamos clásico.

Pero é na primavera cando florece ese acontecemento que é o Festival de Música Cidade de Lugo, tradicionalmente chamado Semana de Música do Corpus Lucense, que xa vai pola súa cuadraxésima cuarta edición, e que ofrece, non nunha semana senón en case un mes, unha variada serie de dez concertos de moi alto nivel que constitúen unha referencia importante non só para a nosa cidade, senón para a afección melómana de Galicia. Un acontecemento que dende hai pouco se complementa –este é o terceiro ano– cos catro concertos do Festival Internacional de Órgano do Corpus Christi, que pon en valor musicalmente os solemnes espazos eclesiásticos de Lugo coa presenza de grandes mestres internacionais deste senlleiro instrumento.

É para min un grande honor e un pracer saudar por primeira vez como alcaldesa de Lugo este importante evento musical que honra a nosa cidade, e xa que logo quero tamén expresar, no meu propio nome e no da Corporación que presido, o compromiso do Concello no apoio das artes musicais e na permanencia deste noso Festival da Primavera.

Lara Méndez López
Alcaldesa de Lugo



David Grimal, violín

**Orquestra
Sinfónica Gaos**

Mendelssohn por Grimal

Venres, 14 de maio de 2016

Círculo das Artes, 20:30 h.



F. Mendelssohn (1809–1847)

As Hébridas, Op. 43

Concerto para violín nº 2 en mi menor, op. 64

Allegro molto appassionato

Andante

Allegretto non troppo – Allegro molto vivace



Sinfonía nº 4 en la maior, op. 90 “Italiana”

Allegro vivace

Andante con moto

Con moto moderato

Saltarello: Presto

David Grimal, violín

ORQUESTRA GAOS

Javier Cedrón, concertino



David Grimal, violín Orquestra Sinfónica Gaos

Mendelssohn por Grimal

David Grimal (1973), violinista francés, empezou a tocar o violín á idade de cinco anos. Gañou o Primeiro Premio en violín e música de cámara no Conservatorio de París en 1993. Posteriormente, realizou os seus estudos de posgraduado con Regis Pasquier. Tamén enriqueceu e profundou a súa musicalidade. Estudou con personalidades como Philipp Hirschhorn, Shlomo Mintz e Isaac Stern.

Como solista, David Grimal foi invitado a actuar con numerosas grandes orquestras, incluíndo a Orquestra de París, Orquestra Filharmónica de Radio France, Orchestre National de Lyon, Opéra de Lyon, Capitole de Toulouse, Mozarteum de Salzburgo, Berliner Sinfonie, Budapest, Bucarest, Basilea, Monte Carlo, Fundación Gulbenkian Lisbonne, Sinfonía Varsovia, Dublín, Taipei, Virtuosos de Moscova, Stockholm Chamber Orchestra, Sinfónica de Varsovia, a Orquestra de Cámara de Baviera, I Musici di Padova, Montpellier Philharmonic, Sinfónica de Cannes, Avignon Orquestra Sinfónica e Orquestra do Conservatorio de París.

David Grimal deu concertos de música de cámara con Yuri Bashmet, Boris Berezovsky, Gerard Caussé, James Galway, Christoph Henkel, Paul Meyer, Karoly Mocsáry, Pascal Moraguès, Raphaël Oleg, Régis e Bruno Pasquier, Jean-Claude Pennetier, Xavier Phillips, Roland Pidoux, Alain Planès e Emmanuel Strosser.

Gañou o *European Community Prize* (1996), así como *The European Radio Union Prize* (1996), e recibiu o "*Crédit National*" *Fellowship Award*. Ademais, foi distinguido como o descubrimento Clásica do MIDEM 1997.



10

Foi galardoado co Premio de Cultura Europeo no Wiener Musikverein de 1996. Francia fíxoo Cabaleiro das Artes e as Letras en 2008.

David Grimal toca o Ex Roederer, Stradivarius (1710) prestado por Fazenda Ipiranga, Mguaranesia / MG, Brasil.

Orquestra Gaos



A Orquestra Gaos nace en abril de 2009, formada por músicos de toda Galicia, na súa maioría estudantes e profesores dos principais conservatorios galegos. A súa presentación tivo lugar o 14 de xullo de 2009 no Teatro Colón-Caixa Galicia da Coruña baixo a dirección de Fernando L. Briones, director titular da formación.

Nestes seis anos colaboran coa orquestra máis de 400 músicos galegos nun centenar de concertos nos principais auditorios e salas de concerto de Galicia. Participaron como solistas 30 músicos galegos cunha gran traxectoria artística, algúns dos cales xa posúen unha dilatada carreira. Grazas á participación da orquestra na presentación do Xacobeo 2010, comparte escenario coa soprano chilena Cristina Gallardo-Domâs, coa que realiza a súa primeira gravación discográfica: un CD con 14 temas galegos orquestrados por Juan Durán.



Organiza en colaboración co AGADIC o I e II Ciclo de Catedrais. Realizou unha xira de concertos polas catedrais e diversos templos de Galicia interpretando o concerto de clarinete e a misa de Réquiem en re menor de W. A. Mozart (2011) e a Messa di Gloria de G. Puccini (2012) obtendo un grande éxito de crítica e público.

Dende decembro de 2011, realiza o xa tradicional concerto benéfico a favor da IBS Padre Rubinos invitando a artistas consagrados como a soprano Ainhoa Arteta, o barítono Borja Quiza, o tenor Celso Albelo e a soprano coruñesa Alba López. En 2013 participa no LXI Festival de Amigos da Ópera da Coruña nunha gala lírica con Gregory Kunde e Juan Jesús Rodríguez, baixo a dirección de Ramón Tébar.

A Orquestra Gaos e o Coro Gaos, fundado no 2010 e recente gañador do XIII Concurso Nacional de Corais “Antonio José” de Burgos, interpretaron para celebrar o V aniversario da Orquestra Gaos a 9ª Sinfonía de Beethoven con grande éxito de crítica e público.

A Orquestra Gaos conta como socio de honra co Mestre Cristóbal Halffter.

Notas ao programa

Nunha carta, como resposta a un admirador, Félix Mendelssohn describe o que a música representa para el: “A xente adoita queixarse de que a música sexa tan ambigua (...) cando calquera entende as palabras. Pero para min é exactamente o contrario (...) as palabras parecen tamén ser ambiguas en comparación coa boa música que enche a alma dun con mil cousas mellores que as palabras. (...) E se me pregunta en qué estaba a pensar, eu direi: simplemente na canción como aparece aí. (...) Un sentimento que non está, en ningún caso, expresado coas mesmas palabras.”¹

Bos exemplos desta noción da música como expresión autónoma son a súa cuarta sinfonía *Italiana* e a súa abertura *As Hébridas*: dúas fotografías que nos envía o compositor directamente das súas viaxes por terras británicas e italianas.

¹ Burkholder, Grout, Palisca: *Historia de la música Occidental*, ed. Alianza música, páx. 697.



Mendelssohn foi un músico precoz e moi culto: tocaba o violín, a viola, o órgano e o piano; falaba alemán, francés, inglés, e lía latín e grego. Era moi hábil co debuxo e a pintura. Asistiu a clases de Hegel e participaba en conversacións con Humboldt e Goethe, personalidades que visitaban o fogar dos Mendelssohn dende que Félix era un neno. Durante o desenvolvemento da súa personalidade creativa, o romanticismo entra con forza en Europa, e aínda que Mendelssohn se sumou a esa sensibilidade, quixo á vez contela a través de estruturas clásicas e discursos equilibrados.

Con só vinte anos, o mozo Félix comeza unha serie de viaxes por Italia, Francia e Gran Bretaña. Cando chega a Escocia, arrepiá ante a visión das illas Hébridas dende a costa oeste, a máxica cova de Fingal e a asolada illa de Iona. “A fin de que entendas o moitísimo que me emocionaron As Hébridas, escribín a continuación o seguinte, que vén á miña memoria...”² e vinte compases de música son para Mendelssohn a mellor descrición que lle pode facer á súa irmá sobre aquela visita. Tardou uns tres anos en completar a abertura³. Deulle moitas voltas e non parecía estar satisfeito co resultado, queixábase de que o desenvolvemento tiña máis de contrapunto que de brea, gaivotas e peixe en salgadura⁴. Quixo titúlala “Abertura á illa solitaria” e “As illas de Fingal” antes de decidirse por “As Hébridas”. Cando o arranxo para dous pianos se publicou en 1833, engadíuselle o subtítulo “A gruta de Fingal” por orde do seu editor⁵. Deste xeito, as claves para a súa audición dánolas o propio autor: paisaxe de mar, inmenso, tranquilo, pero impredecible. O tema inicial desenvólvese durante a maior parte dos case dez minutos que dura a abertura, a través dunha serie de “cristas dinámicas”⁶, é dicir, sucesións de *crescendos* que axudan a reforzar os conceptos “mar”, “onda”, “marea”... sobre este tema (ás veces en segundo plano), sobrevoan os ventos da orquestra, plácidos por momentos, axitados cando son secundados polos timbais.

² Arthur Jacobs: *La música de orquesta*, ed. Rialp, páx. 275.

³ A pesar do termo, non se trata dunha obra operística. Trátase dunha abertura de concerto, unha forma pensada para abrir recitais sinfónicos.

⁴ Jim Samsom: *The Cambridge history of nineteenth-century music*, Cambridge University press.

⁵ *Ibid*

⁶ Arthur Jacobs: *La música de orquesta*, ed. Rialp.



Un segundo motivo tranquilo é introducido polos violonchelos e repetido nos violíns, aínda que a serenidade é interrompida polo tema inicial nun súbito *crescendo*. Entre estes dous temas e o motivo da fanfarra nos metais, alternanse calma e axitación até un épico final de *tutti* orquestral.

Aínda que Mendelssohn era mellor pianista que violinista, coñecía moi ben as posibilidades do instrumento tal e como demostrou no seu concerto para violín. Utiliza os rexistros máis agudos do instrumento para destacalo fronte ás cordas máis graves da orquestra, e escribe fragmentos de gran dificultade para o solista. Cunha estrutura firmemente ancorada no clasicismo, introduce unha serie de cambios que logo servirán de modelo a outros compositores. De acordo co seu concepto de música como discurso, o compositor divide o concerto nos tradicionais tres movementos, pero sen pausa entre eles, é dicir, en *attacca* (un esquema que se repetirá na obra de Max Bruch), e concíliaos usando melodías similares para algunhas pasaxes. Outra innovación é que o concerto o abre directamente o solista cun tema melancólico, case elexíaco, que obsesivamente resoaba na cabeza do compositor e “non lle deixaba descansar”⁷, tema que logo será repetido e ampliado polo *tutti* orquestral. Ao final do desenvolvemento deste *allegro molto appassionato*, xusto antes da reexposición, sorprende a cadencia do solista⁸, xa que normalmente se reservaba para o final do movemento para a improvisación: esta vez Mendelssohn deixou escrita a cadencia. No andante, o violín canta unha aria de carácter case operístico sobre todo na súa primeira sección, ao que segue un diálogo entre a orquestra e un violín en cordas dobres, que repite obsesivamente o mesmo patrón melódico para dar paso a unha repetición do primeiro tema do movemento comentada e ampliada pola orquestra. Un solo de violín introdúcenos no movemento final, iniciado por unhas fanfarras de vento e timbal. De novo o violín, mostra o refrán que se repetirá alternativamente durante este *allegro molto vivace*, xa que a forma é a clásica de rondó para estes finais de concerto. Os duelos entre solista e orquestra organízanse en ritmos de danzas para

⁷ R. Larry Todd: *Mendelssohn: A life in music*, Oxford University press, páx. 479.

⁸ Esta disposición da cadencia foi imitada logo por Sibelius e Chaikovski nos seus respectivos concertos para violín.




conducirnos a un final, como non, apoteótico e de feliz concordia entre ambos os dous.

“Por fin Italia! Levo toda a miña vida esperándoo como a maior felicidade, e agora vou gozalo todo o que poida!”⁹. É difícil resumir o entusiasmo do compositor cando relata nas súas cartas a impresión que lle causou esa viaxe: a sinfonía italiana é a mellor descrición que fai Mendelssohn do país do sol, da arte e da alegría. Xa no primeiro movemento, en ritmo de danza, explota a felicidade no tema inicial, seguido dun motivo máis tranquilo e lírico traído polo vento da orquestra. Un terceiro tema no desenvolvemento contrasta cos anteriores, quizais os séculos de arte ante os que o compositor queda impresionado e aos que reverencia con este motivo escrito nun severo estilo contrapuntístico. *O andante con moto* caminha en ritmo de procesión. Sobre os pasos das cordas, os ventos cantan melodías que logo serán repetidas a modo de salmodia polos violíns. O terceiro movemento resulta ser un minueto, unha danza xa obsoleta naquel momento, que seguramente escolle para contrastar co vibrante *saltarello* para o final. Móstrasenos neste minueto o Mendelssohn máis clásico, o máis próximo a Mozart e á escola de Viena, con melodía galante e trazo formal. Así é como sorprende o *presto* final: ruidoso, axitado e de gran dificultade, sobre todo para os ventos da orquestra, que son os que fan “saltar” a melodía. O ritmo lembra a tarantela, esa danza italiana usada para curar a picadura da tarántula, e a pesar de estar escrita en modo menor, o seu aire é festivo. Ademais das axilidades melódicas, os contrastes dinámicos con crescendos que alcanzan os *fortissimos* desde suaves rumores da orquestra engádenlle enerxía a este vivo final.

Teresa Adrán

⁹ Lady Wallace: *Letters from Italy and Switzerland by Felix Mendelssohn-Bartholdy*, 1863



Quinteto Rubato
Quinteto de vento

Venres, 20 de maio de 2016
MIHL (Museo Interactivo da
Historia de Lugo), 20:30 h



Astor Piazzolla (1921-1992)

Libertango (arr. Jeff Scott)

Giulio Briccialdi (1818-1881)

Quinteto de vento en re maior, op. 124

I. Allegro marziale - Più mosso

II. Andante - Meno moto

III. Allegro

György Ligeti (1923-2006)

Six Bagatelles for Woodwind Quintet

I. Allegro con spirito

II. Rubato. Lamentoso

III. Allegro grazioso

IV. Presto ruvido

V. Adagio. Mesto - Belá Bartók in memoriam

VI. Molto vivace. Capriccioso

Fernando Morais (n. 1966)

Xaxando no cerrado

Enrique Saavedra (1913-1995)

Brincadeira (arr.: Andrés Álvarez)

Avelino Ferreira López, óboe

Óscar González Estévez, clarinete

Adrián Silva Magdalena, frauta

David Novelle Fernández, fagot

Daniel Otero Carneiro, trompa



Quinteto Rubato

Quinteto de vento

O quinteto de vento Rubato é unha formación de música de cámara composta por músicos galegos novos que baixo esta formación clásica queren mostrar o talento e as posibilidades artísticas desta formación. Rubato nace da iniciativa destes mozos que nun momento da súa carreira musical coincidiron no seo da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, sendo este o seu punto de partida. No seu inicio foron Martín Naveira Grela e despois Pablo Fernández Guzmán os trompistas do quinteto Rubato os que precederon ao actual membro do quinteto.

Dentro das súas actividades cabe destacar os concertos realizados no Auditorio da EAEM ou no Conservatorio Superior de música da Coruña, así como a súa participación no Festival Cameralia onde actuaron en Santiago de Compostela, e tamén salientable é a súa participación no ciclo Músicas no Café, celebrado no café Moderno de Pontevedra, ou tamén os concertos realizados nos Auditorios de Pontearreas e Salceda de Caselas.

Tamén é necesario sinalar a concesión do 2º premio de Xoves Interpretes Vila de Ortigueira. Rubato ten como principal obxectivo a difusión da música de cámara para quinteto de vento así como tamén a difusión e estrea de composicións orixinais feitas polos nosos compositores.


Nos últimos anos o quinteto Rubato vén realizando unha intensa actividade tanto no ámbito interpretativo como no pedagóxico. No 2015, o quinteto Rubato acaba de realizar unha xira de concertos polos conservatorios galegos, onde actuaron nos conservatorios de Pontevedra, Ourense, A Coruña,



Lugo e Vigo, e que continuarán en próximas edicións co fin de achegar a música para quinteto de ventos ás e aos estudantes de música.

No ámbito educativo neste ano, realizaron varios cursos por exemplo: no Rosal (Pontevedra), unha clase maxistral na Illa de San Simón e recentemente no Centro de Referencia da Música Carioca en Río de Xaneiro. Tamén participaron no I Festival Hércules Brass de Celanova, Ourense.

No pasado ano 2015, realizaron unha xira de concertos por Brasil para presentar un programa novo no que actuaron de solistas coa banda sinfónica de Cubatão e a Banda Filarmônica do Río de Janeiro. Ademais, actuaron nas cidades de Santos (Saõ Paulo), Niteroi e Río de Xaneiro, para o cal fixeron o encargo da obra *Symphonic Sketches* ao compositor Andrés Álvarez e tamén da obra *Suite Concertante* do compositor brasileiro Bruno Marques.



**Banda Filharmónica
de Lugo**

Iván Martínez Sabio,
dirección

Pablo Dopazo, bombardino

Alex Troya, saxofón

A música para banda sinfónica

Sábado, 21 de maio de 2016

Círculo das Artes, 20:30 h.



Robert Jager (n. 1939)

Marcha (da Suite nº 3)

Robert Smith (n. 1958)

Willson Suite

Pedro Sosa (1887-1953)

Lo cant del Valençia

Pablo Dopazo, bombardino

Eric Whitacre (n. 1970)

The Seal Lullaby

David Maslanka (n. 1943)

Concerto para saxofón e ensamble de ventos (1º mov.)

Bernardo Bautista Monteverde (1880-1959)

Macarenas

Alex Troya, saxofón

Banda Filharmónica de Lugo

Iván Martínez Sabio, director



Banda Filarmónica de Lugo

Iván Martínez Sabio, dirección

Pablo Dopazo, bombardino

Alex Troya, saxofón

A Banda Filarmónica de Lugo estréase en novembro do 2013, impulsada polo seu director Iván Martínez Sabio e a Sociedade Filarmónica de Lugo. Actualmente, conta cuns 60 compoñentes, músicos da contorna da cidade, e na súa maioría estudantes.

O obxectivo da Banda é a difusión da música sinfónica e da música tradicional galega así como a formación e promoción de novos músicos lucenses. Ofreceu o seu primeiro concerto o 29 de novembro de 2013 no Salón Rexio do Círculo das Artes, e en 2015 gravou o seu primeiro CD.

Iván Martínez Sabio comeza os seus estudos musicais aos 6 anos en Ortigueira (A Coruña). Interpreta as súas primeiras notas co clarinete na banda de música da súa vila. Finalizou os estudos superiores de clarinete e piano, e actualmente continúa a súa formación na dirección musical.

Dende hai 7 anos, desenvolve o seu labor artístico e pedagóxico en Lugo, onde é profesor de clarinete no Conservatorio Profesional de Música “Xoán Montes” de Lugo.

Pablo Dopazo Gondar natural de Cambados (Pontevedra), formouse no Conservatorio Profesional de Pontevedra con Manuel Martínez Villar, no Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias con Alfonso Mollá Castells e no Conservatoire National Supérieur de Musique et de Danse de Lyon con Mel Culbertson e Arnaud Boukhitine, finalizou



os seus estudos con Matrícula de Honra e Premio Fin de Carreira. Así mesmo, finalizou os estudos de Máster en Educación Secundaria na Universidade Internacional da Rioxa.

O seu interese polo mundo do bombardino e os seus antecesores, como o serpentón e o ophicleide, lévano a profundar nos seus estudos con recoñecidos profesores e solistas de nivel internacional, como son: Rex Martin, Stéphane Labeyrie, Michel Godard, Jens Bjorn Larsen, Sergio Finca, Perry Oogendijk, Steven Mead, Shoichiro Hokazono, Jesper Boile Nielsen ou Alberto Póns.

Realizou concertos e recitais como solista nos Estados Unidos de América (Chicago), España (Pontevedra, Santiago, A Coruña, Lugo, Oviedo, Xixón, San Sebastián, Murcia, Valencia, Madrid), Portugal (Porto, Figueira da Foz), Francia (Lyon) ou Suíza (Lugano, Basilea), e formou parte de varias agrupacións: Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia, Banda da Federación Galega de Bandas de Música, Banda de Tubas de Galicia, Keep in Touch Tuba Project, Banda de Música de Pontevedra, Banda de Música Ciudad de Oviedo, Joven Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, National Youth Orchestra of the Netherlands ou European Union Youth Wind Orchestra.

Actualmente, exerce como docente no Conservatorio de Música de Cambados (Pontevedra) e no Centro de Formación Los Olmos (Cambados), tarefa que compaxina cun intenso labor ofrecendo recitais e clases maxistras difundindo o bombardino e os seus antecesores, o ophicleide e o serpentón.

Alex Troya nace en Benissanó (Valencia), e na banda dese mesmo concello comeza os seus estudos musicais. Posteriormente, pasa ao conservatorio de Llíria, onde remata os estudos de Grao Profesional no que obterá o Premio Fin de Grao.

Continúa no conservatorio Joaquín Rodrigo de Valencia, onde remata os seus estudos superiores e gaña o Premio Fin de Carreira na especialidade de saxofón. Participa en diferentes concursos, entre os que cabe destacar o primeiro premio no Concurso Internacional da Universidade Europea do Saxofón. Realiza cursos de perfeccionamento



cos mestres Claude Delangle, Serge Bichon, Marie Bernardette Charrier, Daniel Kientzy e David Alonso, entre outros.

Colabora con numerosas bandas e orquestras realizando gravacións para RTTV e RTVE e actuando coa orquestra do Palau de les Arts Reina Sofía. Sente gran curiosidade pola música moderna, e empeza a estudar harmonía moderna e improvisación con Dani Flors, Joan Soler e Kiko Berenguer. Realiza cursos de perfeccionamento cos profesores M. P. Mossmann, Jesús Santandreu e Perico Sambeat. É membro de diferentes grupos de jazz e rock realizando xiras por Francia, Alemaña e Italia.

Realiza cursos de dirección de banda con mestres da altura de Jan Corber e Norman Milanés. Na actualidade, é profesor de saxofón no Conservatorio Superior de Música de Vigo, director de Murajazz Bigband e de Lucus Ensemble.

Notas

March (da 3ª Suite) (1965), R. Jager

Rober Jager (1939-) é un famoso compositor que fixo carreira na armada estadounidense, onde se dedicou á composición, docencia e dirección de bandas militares. Esta *Marcha* é o primeiro movemento da súa 3ª Suite para Banda, e destaca pola súa alternancia de compases de 3, 4, 5 e 6 partes, toda unha “broma” para os músicos da banda.

Willson Suite para bombardino e banda (1999), R. W. Smith

A obra está dedicada ao bombardinista norteamericano Roger Behrend, que tamén colabora na creación da obra achegando as súas propias ideas e anotacións na partitura.

Smith divide esta peza en 3 movementos (I Tronada, II In a Gentle Rain, III Hurricane) e inclúe dúas virtuosas cadencias no 1º e o 3º, mentres que no 2º se centra en liberar a beleza sonora do bombardino e explorar os recursos expresivos do intérprete solista e a banda.

Lo cant del Valenciá (1914), P. Sosa

É un tradicional pasodobre valenciano presentado no Certame Internacional de Bandas de Valencia de 1914. Esta peza usa diversos temas populares da rexión incluído o himno da comunidade. Curiosamente, está



escrito en compás 2/2 e interprétase a un tempo lento, o que lle dá unha aparencia de marcha moura.

The Seal Lullaby (2004-2011), E. Whitacre

É unha nana inspirada no conto de R. Kipling *A Foca Branca*. Whitacre re-crea unha das primeiras escenas do conto no que unha foca tranquiliza a súa cría cantándolle suavemente.

Esta versión para banda é un arranxo do propio compositor pois orixinalmente se escribiu para ser cantada con acompañamento de piano.


Concerto para saxofón e banda (I: Song) (1999), D. Maslanka

“Camiñando por un campo de Montana un brillante día a finais de outono, aparecen ante min tres imaxes: plantas de talos vermellos bañados polo sol da mañá, neve nas montañas dos arredores e herba verde baixo os meus pés. Lume na terra, neve nos ceos e brotes verdes en novembro”
David Maslanka.

Song, Fire in the Earth é o primeiro dos 5 movementos que compoñen este interesante concerto para saxofón e ensemble de ventos. É unha tranquila e doce melodía acompañada por un movemento continuo de corcheas que roza o minimalismo, e que se organiza nunha sinxela forma rondó. Neste primeiro movemento podemos encontrar un avance do que será todo o concerto: liñas melódicas limpas e amplitude sonora do solista que tamén executa rápidas e complexas escalas en tresillos de semicorchea, mentres a banda acompaña con motivos claros e repetitivos.

Macarenas, B. Monteverde

Esta copla naceu como un pasodobre toureiro dedicado á sevillana Virxe da Macarena, unha imaxe moi relacionada co mundo taurino, que xa nos anos 20 se vestiu de loito pola morte do mestre Joselito. A parte instrumental foi escrita a principios do século pasado por Bernardino Bautista Monteverde, pero hoxe escoitaremos unha versión máis moderna, arranxada para saxo e banda.



Dina Yoffe, piano

Chopin vs. Scriabin
24 Preludios

Luns, 23 de maio de 2016
Círculo das Artes, 20:30 h.



A. Scriabin (1872-1915) - 24 Preludios, op. 11 ¹

F. Chopin (1810-1849) - 24 Preludios, op. 28 ²

	A. Scriabin ¹		F. Chopin ²
N.º 1 en do maior.	<i>Vivace</i>	/	<i>Agitato</i>
N.º 2 en la menor.	<i>Allegretto</i>	/	<i>Lento</i>
N.º 3 en sol maior.	<i>Vivo</i>	/	<i>Vivace</i>
N.º 4 en mi menor.	<i>Lento</i>	/	<i>Largo</i>
N.º 5 en re maior.	<i>Andante cantabile</i>	/	<i>Allegro molto</i>
N.º 6 en si menor.	<i>Allegro</i>	/	<i>Lento assai</i>
N.º 7 en la maior.	<i>Allegro assai</i>	/	<i>Andantino</i>
N.º 8 en fa sostenido menor.	<i>Allegro agitato</i>	/	<i>Molto agitato</i>
N.º 9 en mi maior.	<i>Andantino</i>	/	<i>Largo</i>
N.º 10 en do sostenido menor.	<i>Andante</i>	/	<i>Allegro molto</i>
N.º 11 en si maior.	<i>Allegro assai</i>	/	<i>Vivace</i>
N.º 12 en sol sostenido menor.	<i>Andante</i>	/	<i>Presto</i>
<hr/>			
N.º 13 en fa sostenido maior.	<i>Lento</i>	/	<i>Lento</i>
N.º 14 en mi bemol menor.	<i>Presto</i>	/	<i>Allegro</i>
N.º 15 en re bemol maior.	<i>Lento</i>	/	<i>Sostenuto</i>
N.º 16 en si bemol menor.	<i>Misterioso</i>	/	<i>Presto con fuoco</i>
N.º 17 en la bemol maior.	<i>Allegretto</i>	/	<i>Allegretto</i>
N.º 18 en fa menor.	<i>Allegro agitato</i>	/	<i>Allegro molto</i>
N.º 19 en mi bemol maior.	<i>Affettuoso</i>	/	<i>Vivace</i>
N.º 20 en do menor.	<i>Appassionato</i>	/	<i>Largo</i>
N.º 21 en si bemol maior.	<i>Andante</i>	/	<i>Cantabile</i>
N.º 22 en sol menor.	<i>Lento</i>	/	<i>Molto agitato</i>
N.º 23 en fa maior.	<i>Vivo</i>	/	<i>Moderato</i>
N.º 24 en re menor.	<i>Presto</i>	/	<i>Allegro appassionato</i>



Dina Yoffe, piano

Chopin vs. Scriabin

24 Preludios

Premiada no R. Schumann International Competition de Alemaña, a súa carreira internacional consolídase a partir do seu segundo premio no Chopin Competition de Varsovia en 1975 detrás de Krystian Zimerman. Dende entón a actividade concertística de Dina Yoffe é ben coñecida en Europa, EUA, Canadá, Xapón...

Tocou en salas tan prestixiosas como: The Barbican Center, Londres; Sala Verdi, Milán; Santory Hall, NHK Hall, Tokyo; Musikverein, Viena; Hércules Hall, Múnic; Sala Pleyel, París; Gran Hall Conservatorio Moscova, entre moitas outras.

Invitada por orquestras e directores como Israel Philharmonic baixo a batuta de Zubin Mehta; a Filharmónica de Moscova, dirixida por Valery Gergiev e Dimitri Kitayenko; Kremerata Báltica con Gidon Kremer; Solistas de Moscova con Yuri Bahmet; Orquestra da Radio Xaponesa NHK con Sir Neville Marriner; Orchestra Sinfonia de Varsovia; Tokyo Metropolitan Orchestra con James De Pries, Vancouver Symphony, etc.

Ademais dos seus recitais e dos seus concertos con orquestra é unha activa participante en festivais de música de cámara, onde tocou xunto a músicos recoñecidos internacionalmente como Gidon Kremer, Yuri Basmet, Vadim Repin, Mario Brunello, Viktor Tretiakov e Michael Vaiman con quen forma dúo de violín e piano.


Dina Yoffe deu recitais da integral para piano de Chopin en Tokío, Osaka e Yokohama. Esta serie de recitais foron gravados e retransmitidos pola



Televisión Nacional Xaponesa NHK. Deu numerosas clases maxistras en Francia, Alemaña, Royal Academy of Music Londres. Dende o ano 2000, é profesora invitada no Summit Music Festival en Nova York.

Profesora invitada no Yamaha Master Classes en París, Nova York, Hamburgo e Tokío. É profesora do Hamburg Hochschule fuer Musik und Theater.

Dina Yoffe gravou para diversas radios, televisións e discográficas. Destacan as súas gravacións para o Instituto Chopin de Varsovia dentro da súa serie Real Chopin, na que se presenta a obra completa de Chopin con instrumentos da época.



Damien Guillon,
contratenor

Café Zimmermann

Vivaldi:
Stabat Mater & Nisi Dominus

Xoves, 26 de maio de 2016
Círculo das Artes, 20:30 h.



Antonio Vivaldi (1678 – 1741)

Sinfonía en si menor “Al Santo Sepolcro” RV 169

Adagio molto

Allegro ma poco

Stabat Mater RV 621

Stabat mater dolorosa

Cujus animam gementem

O quam tristis et afflicta

Quis est homo

Quis non posset contristari

Pro peccatis suae gentis

Eia mater, fons amoris

Fac ut ardeat cor meum

Amen

Concerto para violonchelo RV 414

Allegro

Largo – Larghetto – Adagio – Largo

Allegro

Concerto para cordas en Sol menor RV 155

Adagio

Allegro

Largo

Allegro

Nisi Dominus RV 608

Nisi Dominus

Vanum est vobis

Surgite

Cum dederit

Sicut sagittae

Beatus vir

Gloria Patri

Sicut erat in principio

Amen

Damien Guillon, contratenor

Café Zimmermann

Céline Frisch & Pablo Valetti, dirección



Damien Guillon, contratenor
Café Zimmermann

Vivaldi: *Stabat Mater & Nisi Dominus*

Damien Guillon comeza a súa formación en 1989, supervisado por Jean-Michel Noël na *Maîtrise de Bretagne*. Recibe unha completa educación musical dende a súa máis tenra infancia e axiña comeza a cantar como soprano solista en varios oratorios barrocos e interpreta *A frauta máxica* de Mozart na Ópera de Rennes.

Dende 1998 ata 2001 é membro da *Maîtrise du Centre de Musique Baroque de Versailles* dirixida por Olivier Schneebeli, onde desenvolve a súa técnica vocal e afonda na súa investigación sobre interpretación da música antiga con Howard Crook, Jérôme Corréas, Alain Buet e Noëlle Barker. En 2004 é admitido na *Schola Cantorum Basiliensis* para recibir as ensinanzas de Andreas Scholl. Ao mesmo tempo, estuda órgano con Frédéric Desenclos e Verónica Le Guen, e gradúase polo Conservatorio Boulugne-Billancourt en continuo e clavicémbalo.

Actualmente, as súas características vocais e musicais permitíronlle actuar con directores tan renomeados como Masaaki Suzuki, Vincent Dumestre, Hervé Niquet, Philippe Pierlot, Pierre Hantaï, Jean-Claude Malgoire, Christophe Rousset, Philippe Herreweghe e William Christie.

O seu extenso repertorio abarca dende cancións do Renacemento inglés ata oratorios barrocos e óperas de Monteverdi (*L'Incoronazione di Poppea*), Bach (*A Paixón segundo San Xoán*, *A Paixón segundo San Mateo*, *Misa en si menor*, *Misas luteranas*, *Oratorio de Nadal* e cantatas para alto solista), Händel (*O Mesías*), Purcell (*O rei Arturo* e *Dido e Eneas*) etc.



Participou en varias producións escénicas entre as que cabe destacar: *Athalia* de Händel, baixo a dirección de Paul McCreech en Ambronay, *Teseo*, na Ópera de Niza dirixido por Gilbert Bezzina; *Giulio Cesare* no Teatro de Caen, dirixido por Francois-Xavier Roth e Yannis Kokkos, *Il Ritorno d' Ulisses in patria* de Monteverdi no Teatro da Monnaie de Bruxelas baixo a dirección de Philippe Pierlot, e máis recentemente *Il Sant Alessio* de Stephano Landi, con William Christie e Les Arts Florissants.

Outra das súas facetas é a de director de orquestra; dirixiu, entre outras, *Maddalena ai piedi di Cristo* de Caldara con Les Musiciens du Paradis, *Magnificat* de Bach coa orquestra Café Zimmermann e o Coro de Cámara de Rouen no festival Arques-la-Bataille, as *Cantatas* de Bach co Collegium Vocale Gent en Saintes, etc.

Compromisos recentes inclúen o seu concerto debut no Festival de Edimburgo; o papel de Eustazio en *Rinaldo* de Händel dirixida por Maasaki Suzuki; unha xira con Hervé Niquet e Le Concert Spirituel no *Gloria* e *Nisi Dominus* de Vivaldi, no Teatro dos Campos Elíseos e a Ópera de Montpellier, así como o papel de Arcane en *Teseo* de Händel con Le Folies Françaises e Patrik Cohën-Akenine, no Théâtre d'Orléans e no Théâtre des Champs-Élysées.

Esta tempada cantará *A Paixón segundo San Mateo* de Bach co Collegium Vocale Gent dirixido por Philippe Herreweghe, no Lincoln Center en Nova York, no Palau de la Música en Barcelona, no Concertgebouw de Ámsterdan e no Badem-Badem Festival, entre outros, así como *A Paixón segundo San Xoán* con Bernard Labadie e Les Violons du Roy no Palais Montcalm en Québec e Carnegie Hall en Nova York.



33

Café Zimmermann



O nome do ensemble débese á institución de Gottfried Zimmermann, onde moitas persoas descubrían o sabor do café por primeira vez na época. Ademais, é coñecida por recibir regularmente a Collegium Musicum, fundado por G. Telemann e dirixido por J.S. Bach dende 1729 ata 1739.

Dende a súa creación en 1999, Café Zimmermann encóntrase na elite do concerto barroco en Francia e Europa. Baixo a dirección da clavecinista Céline Frisch e o violinista Pablo Valetti, o ensemble reúne solistas que se esforzan por facer revivir unha emulación do mundo artístico, levado pola institución de Gottfried Zimmermann ao Leipzig do século XVIII.

Actualmente en residencia no Grand Theatre de Provence, Café Zimmermann actúa nalgunhas das salas de concertos e festivais máis importantes –Cit  de la Musique, o Innsbruck Festival, o festival Bach en Leipzig, Salle Gaveau, Th atre de la Ville, Congress Library de Washington, entre outros– co prop sito de achegar a m sica do s culo XVIII a unha audiencia m is ampla, mediante acci ns de sensibilizaci n educativas. Caf  Zimmermann adoita actuar en xiras internacionais por Estados Unidos de Am rica, Xap n, China e Sudam rica.

As gravaci ns discogr ficas de Caf  Zimmermann suscitan un verdadeiro entusiasmo, especialmente as interpretaci ns das obras



instrumentais de J. S. Bach, que foron galardoadas co Diapasón de Ouro no 2011. En 2013, Café Zimmermann gravou *L'estro armonico* de Vivaldi para Alpha Productions.

Céline Frisch

Nacida en Marsella, estuda clave no Conservatoire d'Aixen-Provence, que lle abre as portas da prestixiosa Schola Cantorum de Basilea. Foi laureada Juventus en 1996; foi a primeira clavecinista seleccionada para os premios Victoire de la Musique classique en 2002; e en 2009 foi nomeada Chevalier de l'Ordre des Arts et Lettres.

As súas interpretacións da música de J. S. Bach valéronlle os máis calorosos comentarios da prensa musical internacional. Ademais de Bach, as súas afinidades levárona a interpretar a música francesa da época de Luís XIV, as obras dos virxinalistas ingleses e a música alemá do século XVII. Explora co mesmo entusiasmo a música do século XX e a de creación contemporánea. As súas gravacións valéronlle as máis altas consideracións como o Diapasón de Ouro, o Choc de *Classica*, ou o Grand Prix da Academia Charles Cross.

Pablo Valetti

Formado na Schola Cantorum de Basilea, regularmente tocou como solista ou primeiro violín nos ensembles e orquestras barrocas máis recoñecidas internacionalmente –Les Arts Florissants, Le Concert des Nations, Concerto Kölnh, Hesperion XX, etc.–, antes de fundar Café Zimmermann en 1999.

O seu álbum dedicado ás sonatas para violín e clave, gravado con Céline Frisch, foi premiado co Choc de Monde de la Musique e o Coup de Coeur de ResMusica.

Ademais das súas actividades como solista, é invitado regularmente a dirixir a Orquesta Barroca de Sevilla. Así mesmo, é profesor na Escola Superior de Musica de Cataluña en Barcelona.



Notas ao programa

Contan que Vivaldi foi un compositor tan pouco convencional que xa en vida se viu obrigado a enfrontarse a duras críticas. Fachendoso e cobi-zoso son algúns dos títulos que lle dedican os seus contemporáneos¹, a pesar de que os biógrafos admiten ignorar gran parte da vida do cura roibo, xa que nin sequera coñecen con certeza a súa data de nacemento. Isto débese a que non foi até pleno século XIX que se atoparon unha serie de transcricións feitas por J. S. Bach sobre algúns concertos dun tal A. L. Vivaldi; en poucos anos, convértese nun dos clásicos máis populares da historia da música. Igual que a Bach, tocoulle vivir nun momento de transición estilística, así que cando ambos os dous autores estaban en plena madurez compositiva, unha nova linguaxe xa avanzaba por Europa condenaríalos ao esquecemento durante demasiado tempo. Vivaldi morreu en Viena enfermo e arruinado, foi enterrado en fosa común e sen ningún recoñecemento, despois de legar uns cincocentos concertos e case cincuenta óperas, ademais de obras sacras, en total, máis de setecentas composicións. Unha boa parte da produción correspóndese co seu traballo como profesor e compositor no *Ospedale della Pietà* en Venecia, un orfanato feminino dos catro que había na cidade. Outras obras foron encargos que recibía da nobreza durante os anos que lle durou o éxito. Nesa época, Vivaldi chegou a coñecer o emperador Carlos VI, grande admirador da súa música, e levaba unha intensa actividade como *impresario* da ópera de San Angelo.

Naqueles anos, a actividade musical italiana centrábase en Roma, Nápoles e Venecia. A ópera acomodábase como xénero de máis prestixio, e o concerto estaba de moda grazas aos festivais. Na Venecia de 1770, conta Charles Burney² que a actividade musical era intensa: sete teatros de ópera funcionando, tres festivais e catro salas de comedias. Como mestre principal do *Ospedale*, Vivaldi non só tiña que compoñer obras instrumentais para as mozas do orfanato, senón tamén pezas sacras para os diferentes momentos do ano litúrxico. O feito de ter que destinar

¹ Peter Ryom: "Vivaldi" en *The New Grove dictionary of music and musicians*.

² *The present state of music in France and Italy*; London: T. Becket & Co. Strand, 1773.



estas obras a mozas en aprendizaxe algunhas, virtuosas outras, condicionaba dalgún xeito o seu método de composición. A forma instrumental que mellor se axustaba a este fin era o concerto: un grupo de solistas (as máis avanzadas) fronte ao resto da orquestra (*ripieno*), e sempre acompañados polo baixo continuo. A estrutura do concerto, que Vivaldi contribuíu a consolidar, baséase na alternancia entre solista e orquestra, con material melódico diferente para cada sección. Así, os concertos adoitan empezar coa orquestra ao completo (*tutti*) tocando o refrán (*ritornello*) que se repetirá, total ou parcialmente, entre as intervencións do solista. Os tres movementos nos que se adoitan dividir estes concertos tamén alternan en carácter, empezando cun rápido, logo un lento e outro vivo para o final. Esta é a estrutura que se presenta no concerto para violonchelo RV414. Escrito ao redor de 1730, forma parte dos vinte e cinco concertos que Vivaldi lle dedicou a este instrumento. Logo retomará parte dese mesmo material para escribir outro concerto tamén en sol maior, esta vez para frauta solista (RV 438).

Dos mesmos anos é a sinfonía ao *Santo Sepolcro*, aínda que a súa estrutura é diferente á do concerto. Forma parte das obras destinadas ao uso relixioso durante a Semana Santa e, polo tanto, o seu carácter é grave e solemne. Consta de dúas partes: unha introdución lenta, de sons longos, á que segue unha sección con forma de fuga.

O caso do concerto para cordas tamén é especial ao estar dividido en catro movementos. Sábese que noutros concertos para cordas (que ás veces chamou sinfonías) escribiu dúas primeiras partes para escoller polos intérpretes, porque non quedou de todo satisfeito coa primeira escritura³. Poderíamos entender eses dous primeiros movementos tamén como unha soa parte, igual que na sinfonía do *Santo Sepolcro*, unha introdución lenta seguida dunha sección en contrapunto. No seguinte movemento, silénciase a orquestra para que o violín actúe de solista acompañado do baixo continuo. A súa escritura lembra moito as arias de ópera polo seu lirismo e a súa forma. Para o *allegro* final, Vivaldi volve recorrer á estrutura do *ritornello* de concerto, onde o violín fai de novo as partes de solista.

³ Marc Pincherle, *Vivaldi, genius of the baroque*, Ed. Norton, 1957.




Unha das obras vocais de Vivaldi máis coñecidas dentro do repertorio sacro é o seu *Stabat Mater*. Trátase dunha secuencia, un himno relixioso autorizado a representarse só en ocasións moi puntuais. En 1727, o papa Clemente X permite que en Venecia se interprete para a festividade das Sete Dores da Virxe, e para celebralo, Vivaldi compón unha das páxinas máis admiradas da súa produción. Ao estar destinada ao uso relixioso, o baixo continuo faino soar un órgano, igual que pasa co *Nisi Dominus*. En ambas as dúas composicións, Vivaldi reitera con música o que expresa o texto, e no *Stabat Mater* dun xeito case teatral. O poema trata sobre o momento no que a nai de Xesús está aos pés da cruz, así que o compositor extrae desa escena todo o dramatismo dende o primeiro momento. O *ritornello* orquestral suxire os queixumes nos violíns sobre os latexos do baixo, unha aria chea de tristeza que se repetirá no *Qui est homo*. *Cuius animan* comeza como un recitativo acompañado, que na repetición do texto se enriquece instrumentalmente, un material que logo reutilizará para *Quis non posset*. Séguelle a aria *O quam tristis*, que a pesar do seu ritmo máis animado, os descensos na melodía continúan co ton desconsolado da obra, e igual que nas anteriores, vai dobrar a música desta sección en *Pro peccatis*. Vivaldi quere describir a fonte da que fala o texto do *Eja Mater* cun *ostinato* punteado no violín, único acompañamento da voz xunto ao baixo, en forma de aria acompañada. O lume representarao con outro *ostinato* nos violíns do *Fac ut ardeat*, nun movemento continuo da orquestra sobre a que a voz debuxa unha pregaría perseverante, sen apenas adornos. Para concluír o *Amén*, como é costume, preséntase como unha aria chea de floreos tanto na voz como na orquestra, un símbolo do final esperanzador tras o carácter doloroso da obra.

O *Nisi Dominus* RV 608 é un salmo dividido en seis partes mais outras tres que corresponden á *Gloria* e ao *Amén*. Trátase dunha composición longa e complexa no seu estilo, xa que nela se combinan seccións de características moi diferentes. As arias máis exuberantes (polo menos en instrumentación) son a primeira *Nisi Dominus* e a súa irmá *Sicut era in principio* (Vivaldi redonda no significado do texto, volvendo ao principio). Séguelle unha aria acompañada, é dicir, só voz con baixo continuo, e esta mesma factura para *Vanum est vobis* seguirá en *Beatus vir* ao



final do salmo. *Surgite* é unha curiosa mestura con partes de recitativo acompañado, rápidas notas ascendentes (de novo para subliñar o texto), e seccións lentas para ilustrar *panem doloris*. *Cum dederit* lembra moito algúns movementos lentos de *As catro estacións* porque representan unha idea parecida: descanso, soño. Por iso é polo que o ritmo se abalea nunha lenta siciliana case hipnótica para representar o *somnun* deste verso do salmo. *Sicut sagitae*, como frechas, é unha aria onde a voz é dobrada polo acompañamento en grupos de tres corcheas, nunha especie de onomatopea musical. Calquera esperaríaa para o *Gloria* unha explosión desa alegría tan propia de Vivaldi, non obstante, resulta ser unha pasaxe profunda, con frases moi adornadas e de expresión solemne. O *Amén* final, a modo de *Aleluia*, é unha aria con adornos vocais e poucas seccións instrumentais, as xustas para deixar respirar ao cantante.

Teresa Adrán



Fahmi Alqhai,
viola da gamba

A piacere

Sábado, 28 de maio de 2016
Círculo das Artes, 19:30 h.



A PIACERE

Fahmi Alqhai, viola da gamba

Gaspar Sanz (1640-1710)

Marizápalos e Canarios

Tobias Hume (c1569-1645)

Captain Hume Pavin

Captain Hume Galliard

Monsieur de Sainte-Colombe (c.1640-c.1700)

Les pleurs

Marin Marais (1656-1728)

L'arabesque

Les voix humaines

La guitare

Antoine Forqueray (1672-1745)

Chaconne La Morangis ou La Plissay

Anonymous-Fahmi Alqhai

Variacions sobre El cant dels ocells

Fahmi Alqhai

Variacions sobre un tema de Joe Satriani

Jimi Hendrix (1942-1970)

Purple Haze

Coa colaboración de:



Agencia Andaluza de Instituciones Culturales
CONSEJERÍA DE CULTURA Y DEPORTE



Fahmi Alqhai, viola da gamba

A piacere

Fahmi Alqhai é considerado hoxe como un dos máis importantes intérpretes de viola da gamba do mundo, e un dos maiores renovadores da interpretación da música antiga, grazas á súa concepción arriscada, persoal e comunicativa do achegamento aos repertorios históricos.

Nacido en Sevilla en 1976, de pai sirio e nai palestina, formouse en Sevilla e Suíza (Schola Cantorum Basiliensis e Conservatorio della Svizzera Italiana de Lugano) cos profesores Ventura Rico, Paolo Pandolfo e Vittorio Ghielmi. Traballou para conxuntos e directores de primeiro nivel (Jordi Savall, Ton Koopman, Pedro Memelsdorff, Uri Caine...), mentres obtiña a licenciatura de Odontoloxía pola Universidade de Sevilla.

Focalizada xa a súa carreira na súa vertente solista e no seu conxunto, Accademia del Piacere, Fahmi Alqhai dirixiu innovadoras gravacións para Glossa (*Rediscovering Spain, Cantar de Amor...*) que recibiron importantes recoñecementos a nivel mundial, incluso fóra do ámbito das músicas históricas (Giraldillo á Mellor Música da Bienal de Flamenco de Sevilla 2012 polo seu cuarto CD, *Las idas y las vueltas*, xunto ao cantaor Arcángel).

En 2014 Alqhai presenta o seu primeiro CD a solo, *A piacere*, cuxa renovadora concepción da viola da gamba recibe unha excelente acollida en España, Alemaña e toda Europa. Para a revista británica Gramophone é un CD “extraordinario” que “leva a viola da gamba a un novo terreo de gozoso potencial”, e “un feliz tributo a todo o que a viola puido ter sido, e pode aínda ser”. Con el xirará proximamente por Xapón e EUA, tras dirixir a Accademia del Piacere nas salas de concerto máis importantes



do mundo, como o Konzerthaus de Viena e de Berlín, a Philharmonie de Colonia (Alemaña), a Fundación Gulbenkian de Lisboa (Portugal), o Auditorio Nacional de Madrid (España) e moitos outros escenarios de Holanda, México, Colombia, Suíza, Francia, Italia...

Dende 2009 é director artístico do FeMAS, Festival de Música Antiga de Sevilla.

Notas ao programa

Instrumento dominante, nas súas infinitas variantes, do panorama musical europeo durante séculos, o declive da viola da gamba xunto ao do mundo aristocrático de finais do século XVIII non só a condenou a unha longa época de escuridade, senón que fixou no imaxinario colectivo unha determinada estética, a da súa última etapa de esplendor na Francia de Luís XV: un instrumento íntimo, decadente e melancólico; e tal imaxe segue aínda vixente na actualidade como a súa esencia primeira.

Con todo –sen obviar, claro está, o atractivo desa estética, ese repertorio e o seu modelo de instrumento– adoita quedar nun segundo plano a infinidade de tipoloxías, estilos interpretativos e repertorios que asumiu a viola durante os seus case tres séculos de reinado: entre os seus inicios asociados aos da música mourisca en España e o virtuoso repertorio berlinés do XVIII, pasando polas diminucións italianas e o repertorio popular inglés do XVII, a viola prestouse a todas as formas, tamaños, orgánicos e afinacións imaxinables: dende o pequeno quintón aos grandes violóns; do cantable *jeu de mélodie* aos ricos acordes do *jeu d'harmonie*; dende a *lyra viol* e os seus infinitos *settings* á resoante viola de sete cordas de Sainte-Colombe; dende o repertorio a solo ao papel de continuísta, ao *consort* inglés, os conxuntos mixtos con violíns alemáns, os dúos a voces iguais, os concertos con orquestra...

Posiblemente foi isto o que me atraeu máis do que sería o meu instrumento: que nunca houbo un igual ao outro, que nunca se estandarizou, que nunca se deixou domesticar como ocorreu cos demais que se estudan hoxe nos conservatorios. Non houbo sonoridade, clase social ou estilo musical ao que a viola fose allea, e máis que dun instrumento



teríamos que falar de todo un mundo de instrumentos: así nolo revela a iconografía histórica, isto é, as decenas de pinturas e gravados que a retratan, nos que xamais se repite un modelo. Apenas encontramos entre elas máis características invariables que ser viola (un instrumento de arco) e da gamba (tocado entre as pernas), e os demais mudaban de cidade a cidade, do palacio á rúa, de músico a músico.

As xeracións de violagambistas da segunda metade do século XX, co pai da viola da gamba moderna, Jordi Savall, como vangarda e faro, recuperaron moitos deses mundos e sonoridades e preparárona para asumir as súas capacidades como membro de pleno dereito do instrumental contemporáneo: erroneamente percibida en ocasións –tristemente tantas veces polos propios violagambistas– como instrumento tecnicamente limitado respecto a outros, polo contrario é moito máis flexible e potencialmente tan completo e complexo como calquera deles, aos que non necesita imitar pero cos que si pode, e debe, competir.

Á nosa xeración de violagambistas correspóndelle romper barreiras –seguramente máis mentais que reais: só o perseverante traballo pode demostralo– e entregar á seguinte as ferramentas técnicas e a valentía artística que eliminen dunha vez para sempre calquera sinal de complexo de inferioridade, moitas veces disfrazado de misticismo e esoterismo, sen renunciar por iso á singularidade dun instrumento cheo de recursos particulares. A viola canta, a viola acompaña o seu canto; a viola chora, quéixase e sofre, pero a viola tamén berra, resga e doe; é sol e lúa, día e noite... Iso si: para ver, sentir e sacar do instrumento toda esta gran paleta de cores hai que definitivamente saír da cabana de Sainte-Colombe –non quero dicir esquecela– e mirar un novo horizonte onde o noso destino sexa a arte *tout court*, a música sen apelidos, e saia de nós a necesidade primeira do músico: o amor por esa marabillosa musa que é a viola, a fusión con ela para transmitir belezas e emocións.


É, en fin, o meu desexo con este programa que a viola contemple, dende a súa particular perspectiva, repertorios remotos no espazo e o tempo sen autolimitacións artísticas nin técnicas, explotando a fondo os seus recursos: dende a música do XVII español ao repertorio máis clásico da viola francesa e proxectándose cara ao popular e a música actual, o modelo de viola máis apropiado a cada repertorio danos a



44

chave para penetrar nas mil sonoridades escondidas no noso instrumento. Unha actitude máis aberta tal vez nos permita romper algunha barreira e dar xunto a el un paso máis alá, coa esperanza de que a viola siga o camiño do seu crecemento e que non volva caer noutro longo e lóbrego esquecemento.

Fahmi Alqhai



Eloqventia

Danzas Imaxinarias

Música instrumental do medievo
europeo

Luns, 6 de xuño de 2016

Casa do Saber da USC, 20:30 h.



Danzas imaxinarias

Música instrumental do medievo europeo

<i>Belicha</i>	Anónimo italiano
<i>Badri ader kasa</i>	Anónimo andalusí
<i>Polorum regina</i>	<i>Libre Vermell</i>
<i>La tierche estampie roial</i>	Anónimo francés
<i>Lamma bada</i>	Anónimo andalusí
<i>Los bilbilicos</i>	Anónimo sefardí
<i>Tre fontane</i>	Anónimo italiano
<i>Mot me tenc ben per paguatz</i>	<i>Guiraut Riquier</i>
<i>Chominciamento di gioia</i>	Anónimo italiano
<i>La Manfredina - La rotta della Manfredina</i>	Anónimo italiano

ELOQVENTIA

Alejandro Villar, frautas

David Mayoral, percusión



Eloqventia

Danzas Imaxinarias

Música instrumental do medievo europeo

Danzas Imaxinarias

Grazas ao seu particular enfoque do repertorio medieval en formato de dúo, *Danzas Imaxinarias* converteuse na proposta máis innovadora e característica de Eloqventia. Trátase dun percorrido pola música instrumental da Baixa Idade Media a través dunha serie de danzas interpretadas exclusivamente con fruta e percusión. Nese sentido, o groso do programa céntrase en pezas recollidas nas dúas coleccións fundamentais da época, o Chansonnier du Roi de París e o Códice italiano 29987 que alberga a biblioteca do Museo Británico en Londres. Do primeiro interpretamos *La tierche estampie roial* e do segundo as Istanpitte *Belicha*, *Tre fontane*, *Chominciamento di gioia* e *Manfredina* coa súa respectiva *Rotta*. Así mesmo, incluímos a estrea dunha *Estampie* elaborada a partir da canción *Mot me tenc ben per paguatz* do trobador Guiraut Riquier e o famoso *Polorum regina* do Llibre Vermell de Montserrat. Xunto a estas músicas herdadas da Europa cristiá occidental, engadimos dúas moaxajas andalusís (*Lamma bada* e a descoñecida *Badri ader kasa*) e unha canción sefardí (*Los bilbilicos*), co fin de trazar unha visión completa do panorama musical dos séculos XIII e XIV que, como é sabido, estivo caracterizado pola súa multiculturalidade, sobre todo na península ibérica.

Para que realmente cobre valor, todo ese histórico patrimonio necesita ser interpretado, e aí é onde entra en xogo a figura do músico especialista, sobre cuxo labor queremos facer unha reflexión baseada na nosa propia experiencia. Consideramos que o intérprete deste repertorio ha



de afrontar o eterno debate entre teoría e práctica musical sen complexos, asumindo que os coñecementos reais que temos do Medioevo son limitados. Está claro que ten que existir un labor previo de investigación musicolóxica que, obviamente, nós tamén facemos, pois toda a información que proporcionan as fontes conservadas nos axudan a comprender mellor a música, pero o que finalmente vai determinar o resultado do noso traballo é a experimentación práctica, sen lugar a dúbidas a fase máis apaixonante do proceso creativo, a que nos permite descubrir sonoridades, probar combinacións e levar ao extremo as posibilidades técnicas dos múltiples instrumentos que utilizamos (fautas, gemshorn, albugue, symphonia, dulcimer, campás, doira, pandeiros, darbucas, cascabeis, tamburellos...). En repertorios tan temperás como o medieval, os dogmas interpretativos son case sempre cuestionables e a especulación convértese nunha constante; lonxe de negalo, nós aceptámolo precisamente como un dos grandes atractivos desta música. Nese sentido, chegamos mesmo a afirmar que as pezas que tocamos son DANZAS IMAXINARIAS, é dicir, non existen realmente como tal, senón que xorden da nosa propia fantasía creativa, converténdose en recreacións libres das concisas liñas melódicas que nos legaron os códices medievais, enriquecidas grazas á ornamentación e a improvisación. De feito, algunhas delas nin sequera están concibidas na súa orixe como pezas instrumentais, senón que forman parte do repertorio de cancións da época, que nós adaptamos posteriormente á linguaxe instrumental, unha práctica, por outro lado, tan antiga como a música en si mesma.

Alejandro Villar

Eloqventia

O ensemble ELOQVENTIA toma o seu nome da obra escrita por Dante Alighieri a comezos do século XIV "*De vulgari eloqventia*", un texto estreitamente vinculado á música profana medieval e de obrigada referencia cando se fala de poesía trobadoresca. Fundado e dirixido polo frautista Alejandro Villar, o grupo está integrado por músicos que atesouran unha dilatada experiencia no eido da interpretación historicista.



Tras a súa exitosa presentación no Festival de Música Antiga de Xixón en xullo de 2009, desenvolveu unha intensa actividade concertística dentro e fóra de España. Nese sentido, destaca a súa participación en festivais como o Festival Internacional de Santander, La Semana de Música Antigua de Logroño, Festival de Músicas Contemplativas de Santiago de Compostela, o Festival de Música Antigua de Sevilla, Festival Internacional no Camiño de Santiago e diversos ciclos na Fundación Botín de Santander, a Fundación Juan March de Madrid, o Auditorio Baluarte de Pamplona ou o ADDA de Alacante. Así mesmo, o grupo actúa no prestixioso festival Días da Música em Belém (Lisboa), con dous programas monográficos dedicados ás Cantigas de amigo de Martín Codax e ás Cantigas de amor do Rei Don Dinís de Portugal; e é invitado a presentar o seu programa instrumental a dúo, en marcos tan emblemáticos como o Ravenna Festival (Italia), a Biennale für Alte Musik que se celebra no Konzerthause de Berlín ou o Musikfestspiele Potsdam Sanssouci. Por iniciativa do Centro Nacional de Difusión Musical e do Festival Internacional de Órgano Catedral de León, recupera para a súa estrea en tempos modernos o *Canto da Sibila* inédito, que se conserva no arquivo da catedral leonesa. Varios deses concertos foron gravados e retransmitidos por emisoras de radio e televisión, entre as que destacan TVE, Radio Clásica de RNE, a RTP e a RAI.

ELOQVENTIA presenta un novo enfoque da monodia lírica e do repertorio instrumental do medievo, tal e como reconece a crítica especializada, que destaca a “creatividade” do ensemble e pon énfase na “frescura e expresividade”, así como no “virtuosismo e bo gusto” das súas interpretacións. Recentemente, alzouse co galardón ao Mellor Grupo Medieval do 2014 na I Edición dos Premios a la Creatividad e Innovación en la Música Antigua Española que outorgou a Asociación GEMA en colaboración con FEVIS Europe, o INAEM e a SGAE.

Alejandro Villar

Nace en León. Obtén o título superior de frauta de pico coas máximas cualificacións no Conservatorio Superior de Música de Salamanca, recibindo, ao mesmo tempo, o Premio Extraordinario Fin de Carreira. Amplía a




súa formación con frautistas da talla de Kees Boeke, Pierre Hamon, Pedro Memelsdorff, Paul Leenhouts ou Giovanni Antonini. Paralelamente aos estudos musicais, licénciase en Historia da Arte pola Universidade de León.

É fundador e director do ensemble de música medieval *Eloqventia*. Así mesmo, actúa regularmente con agrupacións especializadas no repertorio renacentista e barroco como Forma Antiqua, Le Concert des Nations, Los Músicos de su Alteza... Traballou, entre outros, cos directores Jordi Savall, Richard Egarr e Keneth Weis, ofrecendo concertos nalgúns dos máis prestixiosos festivais europeos de música antiga (Ambronay, Barcelona, Praga, Sevilla, Berlín, Ravenna, Lisboa, Potsdam, Halle, etc.). Gravou para Winter&Winter, Arsis, RNE, TVE, RAI, RTP e France Musique.

David Mayoral

A súa andaina no mundo da percusión clásica comeza da man de Juanjo Guillem, pero rapidamente se interesa pola percusión histórica. Recibiu clases do mestre Pedro Estevan, ao mesmo tempo que estuda percusión árabe con Shokry Mohamed e Salah Sabagh. Completa a súa formación con Glen Vélez (req e frame drumming), Keyvan Chemirani (zarb), Pejman Haddadi (zarb e daff), Yshai Afterman (pandeiros) e Ismail Altunbas (darbuca).

Desenvolve a maior parte da súa actividade en grupos dedicados á música medieval, renacentista e barroca (L`Arpeggiata, Hespérion XXI, La Capilla Reial de Cataluña, Kapsberger Ensemble, Les Sacqueboutiers, Mudéjar, Dufay Collective...) cos que actuou por toda Europa e numerosos países do mundo (EUA, Australia, Marrocos, Exipto, Siria, Líbano, Tunicia, Israel, Cuba, Brasil...). Entre as súas colaboracións discográficas destacan: *Tánger* (Luis Delgado), *Latidos de Al-Andalus* (Pneuma), *Passion for Percussion* (Shokry Mohamed), *Al-son* (Mudéjar), *Altre folie, Estampies & danses royales*, *La route de l'orient*, e *dinastía Borgia* (Jordi Savall), *Los imposibles*, *Teatro d'amore* e *Los pájaros perdidos* (L`Arpeggiata) e *El fuego* (Les Sacqueboutiers).



**Orquestra Sinfónica
de Galicia**

**José Miguel Pérez-
Sierra, director**

Beethoven, Respighi e Ravel

Mércores, 8 de xuño de 2016
Círculo das Artes, 20:30 h.



L. v. Beethoven (1770–1827)

Sinfonía nº 4 en si bemol maior, op. 60

Adagio - Allegro vivace

Adagio

Allegro Vivace - Trio. Un poco meno allegro

Allegro ma non troppo

O. Respighi (1879-1936)

Antiche danze ed arie - suite n.3

Italiana: Andantino

Arie di corte: Andante cantabile

Siciliana: Andantino

Passacaglia: Maestoso

M. Ravel (1875-1937)

Ma mere l'oye (Miña nai a oca)

Pavane de la Belle au bois dormant
(Pavana da bela durminte do bosque)

Petit Poucet (Polgarcíño)

Laideronnette, Impératrice des pagodes
(Laideronnette, emperatriz das pagodes)

Les entretiens de la Belle et de la Bête
(As conversacións da bela e a besta)

Le Jardin féérique (O xardín máxico)



Orquestra Sinfónica de Galicia
José Miguel Pérez-Sierra, director
Beethoven, Respighi e Ravel

Orquestra Sinfónica de Galicia

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España.

A OSG, cuxo director titular dende a tempada 2013-2014 é Dima Slobodeniouk, e Víctor Pablo Pérez o seu director honorario. Foi orquestra residente do Festival Rossini de Pésaro de 2003 a 2005 e do Festival Mozart da Coruña dende a súa creación en 1998. Ademais, realizou varias xiras por Alemaña e Austria, e ofreceu concertos nas mellores salas e ciclos de concertos españois. En 2007 realizou a súa primeira xira por América do Sur, con concertos en Chile, Arxentina, Brasil, Uruguai e Montevideo, e a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena.

José Miguel Pérez-Sierra

Nacido en Madrid, é un dos directores españois máis destacados da súa xeración. Estudou con Lourdes Pérez-Sierra, José Ferrándiz, Francisco Roig e José Cruzado.

Asistiu a clases maxistras con Gianluigi Gelmetti (Accademia Chigiana de Siena) e Colin Metters (Royal Academy de Londres).



Foi asistente de Gabriele Ferro nos teatros de: San Carlo de Nápoles, Massimo de Palermo e Real de Madrid. Tamén de Alberto Zedda e director adxunto na dirección do Centro de Perfeccionamento Plácido Domingo do Palau de les Arts de Valencia.

Debuta en 2005 á fronte da Orquestra Sinfónica de Galicia, e en 2006 realiza o seu debut internacional co *Il viaggio a Reims* no Rossini Opera Festival de Pésaro coa Orquestra do Teatro Comunal de Boloña. Foi o director máis novo da historia do Festival e recibiu un éxito unánime de público e crítica.

Dende entón, dirixiu nos escenarios e coas orquestras máis importantes de España, Italia, Xeorxia e Portugal, un extenso repertorio sinfónico e lírico que abarca do barroco á música contemporánea.

En continua colaboración coa ORCAM e o Teatro de la Zarzuela, dirixiu: *O rei que rabiou*, *A bruxa*, *A taberneira do porto*, *A estreia dunha artista* de Gaztambide, *Gloria e perruca* de Barbieri e *Os sobriños do capitán Grant*, de F. Caballero. Dende 2009 traballa regularmente coa Orquesta da Comunidade Valenciana no Palau de les Arts, onde dirixiu: *O rei que rabiou* de Chapí, *La scala di seta* de Rossini; tamén coa Oviedo Filarmónica: *L'elisir d'amore*, *O rei que rabiou*, *Os gabiáns*, *A bruxa*, *Pan e touros*, e *A chulapona*.




55

Estivo á fronte das orquestras sinfónicas de Madrid, Tenerife, Castela e León, Navarra, Córdoba e Baleares, a Filarmónica de Gran Canaria, a Orquesta Sinfónica de Vizcaya, a Orquesta Clásica de España, a Sinfónica de Tbilisi e a Orquesta do Norte no Festival de Óbidos, Portugal.

En 2012 realizou o seu debut en Sudamérica, á fronte da Orquesta Filarmónica de Montevideo - Uruguai, cos *Rückert Lieder* de Mahler, xunto á mezzosoprano Nancy Fabiola Herrera.

Recentemente, dirixiu *A estrea dunha artista* e *Gloria* e perruca no Teatro Campoamor de Oviedo, o *Il trovatore*, no Teatro Principal de Palma de Mallorca.



Gli Incogniti

Amandine Beyer,
violín e dirección

Il Teatro alla moda
Concertos teatrais de A. Vivaldi

Sábado, 11 de xuño de 2016
Círculo das Artes, 20:30 h.



A. Vivaldi (1678-1741)

Sinfonía en do maior de L'Olimpiade RV 725

Allegro

Andante

Allegro

Concerto para violín en sol menor L'Amandinetta RV 322

Allegro molto

Larghetto

Allegro

Concerto para violoncello en re menor RV 403

Allegro

Andante e spiritoso

Allegro

Concerto violino in tromba RV 313

Allegro

Andante

Allegro

Concerto para violín en fa maior RV 282

Allegro

Adagio

Allegro

Concerto para violoncello en la menor RV 420

Andante

Adagio

Allegro

Concerto para violín en re menor RV 228

Allegro non troppo ma vigoroso

Largo

Allegro

GLI INCOGNITI

Amandine Beyer, violín e dirección

Alba Roca, violín

Yoko Kawakubo, violín

Marta Páramo, viola

Marco Ceccato, violoncello

Baldomero Barciela, violone

Francesco Romano, tiorba

Anna Fontana, clave



Gli Incogniti

Amandine Beyer, violín e dirección
Vivaldi: Il Teatro alla moda

O violín disfrazado

Para un músico cuxa vida está constantemente acompañada, avalada, modelada e marcada polos increíbles concertos que Antonio Vivaldi escribiu para violín, é difícil imaxinar un *prete rosso* diferente ao do virtuoso deste instrumento. Pero considerábase o propio Vivaldi violinista? A súa facilidade para executar as abraiantes piruetas das súas pezas e o seu dominio do instrumento alimentaron, por suposto, unha parte importante da súa vida: o seu posto de profesor na Pietà, o recoñecemento mundial debido á publicación das súas obras, esta reputación de virtuoso que fixo aflorar os encargos de toda a nobreza europea; todo isto é debido ás catro cordas. Pero tamén sabemos dos esforzos que fixo para ter éxito no campo da ópera, non só como compositor, senón tamén como *impresario*. Podería ser que Vivaldi se considerase a si mesmo como un empresario operístico, sendo o violín só un medio do que dispoñía para alcanzar o éxito?

O home de teatro ou o violinista talentoso? Estas son realmente as dúas facetas de Vivaldi que nos esforzamos en combinar neste concerto en forma de ópera imaxinaria... e instrumental. Unha ópera que, dende que se abre o pano, comeza cun golpe atronador: a *obertura da Olimpiade* enlaza a entrada torrencial (onde o poder dos baixos se superpón a harmonías en clúster, creando unha atmosfera arrepiante) cun movemento central cheo de volutas, grilandas, notas-flores e unha moi curta e sinxela pirueta final. Nesta historia vostedes atoparán tamén varios lugares comúns inherentes ao teatro musical do século XVIII: a aria “patética”, cun



profundo lirismo e a aria de “bravura” (RV 228), que responden moi ben á definición feita por Goldoni. Estas tipoloxías son curmáns das arias de “bagaglio”, que viaxaban na equipaxe de calquera “prima donna” que se fixese respectar, e que non dubidaba en reutilizar nos diferentes teatros, garantindo así o seu éxito. O teatro é tamén o pracer de disfrazarse, e moitas veces un personaxe desaparece por un momento para desempeñar outro papel: no concerto “per violino in tromba”, despois dalgúns cambios na ponte do instrumento, o violín aseméllase ao son dunha trompeta. Os personaxes da nosa ópera non sempre poden usar a mesma roupa no escenario, e empregamos dous violíns diferentes para obter texturas, cores e ambientes variados. Neste remuíño de efectos, sorpresas e rupturas, a narración da ópera dramática reafirma os seus dereitos, como é o caso da obra mestra en fa maior RV 282. Atopamos entón todos os ingredientes necesarios para o éxito da acción: as entradas e saídas de varios personaxes, os seus diálogos, historias, a poesía arredor deles, o suspense... e todo isto nunha atmosfera que, ás veces, nos fai pensar nun Mozart oculto entre as cortinas.

Unha característica típica da ópera no século XVIII foi o “pasticcio”, onde cada acto podería ser feito por un compositor diferente; o concerto RV 322 representa esta práctica á súa maneira. Como a parte do violín solista non foi conservada, tivemos que reconstruíla. Este traballo foi, para a persoa que escribe estas liñas, dunha grande intensidade. Acompañada do musicólogo vivaldiano, violinista e bailarín Olivier Fourès, foi un pracer e á vez un desafío desprazarse a través da pluma do compositor, para afondar nos misterios dos seus *bassetti*, e máis aínda proseguir co cifrado do baixo. Unha experiencia que nunca esquecerei, e que me fai sentir aínda máis próxima a este concerto que aos outros, empurrándome a imaxinar no meu nivel humilde aquilo que podía sentir Vivaldi tocando as súas obras.

O escenario que imaxinamos, baseado na fantasía e na enerxía, pero máis aínda sobre o descoñecido e a vertixe, non é máis que un entre os miles posibles. Para facer que vostedes vivan outras historias, para soñar coas composicións de Vivaldi e de completalas con novas aventuras.

Fagan vostedes o seu propio teatro!

Amandine Beyer



Gli Incogniti



Foto: Clara Honorato

Dende 2006, Gli Incogniti converteuse nun grupo de referencia da interpretación historicamente informada. Convencidos de que só é posible compartir aquilo do que se goza, as súas interpretacións (en concerto ou en disco) intentan transmitir a súa paixón pola música que tocan. O público e a crítica sinalaron continuamente este pracer de compartir que se desprende das súas interpretacións.

Interesados tanto polos repertorios máis descoñecidos (realizaron primeiras gravacións mundiais de obras de N. Matteis, J. Rosenmüller ou mesmo A. Vivaldi), como polas obras clásicas (os seus discos dos *Concerto Grossi* de Corelli ou *As catro estacións* de Vivaldi foron saudadas como versións de referencia), as súas numerosas gravacións discográficas obtiveron o apoio unánime da crítica internacional (Diapason d'or, Choc de Clásica, Editor's choice, Preis der deutschen Schallplattenkritik...).

Gli Incogniti realizou concertos en Europa, Asia e América tocando nunhas das máis prestixiosas salas e festivais do mundo (Utrecht, Sablé, Bruxas, Théâtre de la Ville, Bozar, HautJura, Innsbruck, Boston, Regensburg, Urbino, Via Stellae, Povia do Varzim...).



Amandine Beyer

Dende hai xa algúns anos, Amandine Beyer é recoñecida como unha referencia na interpretación do repertorio barroco para violín. A súa gravación das *Sonatas e Partitas* de J. S. Bach, foi recibida como unha revelación pola crítica (Diapason d'or de l'année, Choc de Classica de l'année, Editor's choice de Gramophone, Prix Academie Charles Cros, Excepcional de Scherzo...). O seu traballo sobre estas obras continúa co espectáculo *Partita 2*, coreografiado e bailado por Anne Teresa de Keersmaecker e Boris Charmatz.

Habitual das máis importantes salas e festivais do mundo enteiro (Théâtre du Chatelet, Festival de Sablé, Innsbruck Festwochen, Konzerthaus de Viena...), a súa actividade musical divídese entre os diferentes grupos nos que participa: Les Cornets Noirs, os dúos con Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou Laurence Beyer e o seu propio grupo Gli Incogniti, co que gravou varios discos (*Apothéoses* de F. Couperin, *Concerti Grossi* de Corelli, *Catro Estaciós* de Vivaldi, Nicola Matteis...) que obtiveron o apoio unánime da crítica.

A súa outra paixón é a ensinanza. Foi profesora na ESMAE de Porto (Portugal), así como en clases maxistras por todo o mundo (Francia, Brasil, Taiwan, EUA, Canadá). Dende 2010 é profesora de violín barroco da Schola Cantorum Basiliensis en Suíza.


Marco Ceccato

Estudou na Scuola di Musica di Fiesole, con David Geringas e na Scuola Civica di Milano con G. Nasillo. Toca regularmente con Le concert des Nations, Academia Montis Regalis, Il Giardino Armonico, Al Aire Español, Ensemble Zefiro, Gli Incogniti, e colabora con B. Kujken, J. Savall, E. López Banzo, A. De Marchi, A. Bernardini etc. Tocou no Konzert Haus de Berlín, o Théâtre des Champs Elisée en París, Festival de Ambronay, Festival de Sablé, Festival de Vancouver, Auditorium de Parco della Musica, Roma.



63

Realizou gravacións para Harmonia Mundi, Naive, Opus 111, Berlin Classics, Radio Rai Tre, Radio France, Discoteca di Stato, Terzo Millennio, Equipe e Zig Zag Territoires. Nesta última discográfica, publicou en 2014 un disco de sonatas de Vivaldi, que obtivo excelentes críticas (Diapason d'Or, Editor's Choice). Dende 2007 é profesor de violoncello barroco na ESMAE de Porto.



III FESTIVAL INTERNACIONAL DE ÓRGANO DO CORPUS CHRISTI DE LUGO*

27 de maio - Catedral de Santa María - 20:45 h
Jean-Christophe Geiser (Suíza), órgano
Adoro te devote

30 de maio - Parroquia de Santiago “A Nova” - 20:30 h
Mario Ciferri (Italia), órgano
Lauda Sion Salvatorem

1 de xuño - Catedral de Santa María - 20:45 h
Roman Perucki (Polonia), órgano
Giulio Mercati (Italia), órgano
Sacris solemniss

3 de xuño - Catedral de Santa María - 20:45 h
Juan de la Rubia (España), órgano
Coro Solo Voces (Lugo)
Tantum ergo Sacramentum

* O Festival Internacional de Órgano do Corpus Christi
está organizado polo Centro Eucarístico Lucense

Organiza



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

Colabora



Lucense
Eucharisticum
Centrum



Máis info
www.lugo.gal

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR A CABIDA